

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN

ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPARTICIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICO EN TÉCNICAS AUDIOVISUAIS "VIDAS MARIÑEIRAS", DESTINADO Á POSTA EN VALOR DOS OFICIOS TRADICIONAIS, DO PATRIMONIO E DAS PAISAXES MARIÑEIRAS DA ZONA COSTEIRA DO TERRITORIO DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

O presente anuncio realízase para a contratación dunha Asistencia Técnica para a organización e desenvolvemento dun programa de formación teórico-práctica en técnicas audiovisuais, dirixido a alumnos de secundaria e bacharelato dos concellos do territorio do GALP A Mariña-Ortegal, destinado á posta en valor dos oficios tradicionais, do patrimonio e das paisaxes mariñeiras da zona costeira.

A labor da Asistencia Técnica consistirá en levar a cabo toda a organización do programa cos centros educativos, contando co persoal cualificado para levalo a cabo, ademais de divulgar o traballo desenvolvido polo GALP, a súa Estratexia e os beneficios das súas axudas na zona de influencia.

A información referente aos requisitos das propostas e prescricións técnicas pódese atopar no enderezo web: <https://galp.xunta.gal/> así como no taboleiro de anuncios do GALP A Mariña-Ortegal.

As propostas e ofertas económicas pódense presentar ata 15 días naturais a partires da publicación deste anuncio, no seguinte enderezo:

Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal

Rúa Misericordia nº 35, Baixo

27850 Viveiro (Lugo)

En Viveiro, a 23 de maio de 2018.

Asdo: D. José Basilio Otero Rodríguez

Presidente do GALP A Mariña-Ortegal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo
e de Pesca (FEMP)